



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Lugo para o financiamento de gastos de funcionamento da organización colexial

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, sen prexuízo das demais competencias que legal e regulamentariamente teña atribuídas e de conformidade co previsto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local. Dentro desta materia, ten atribuída a execución das competencias que, con respecto aos funcionarios con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Comunidade Autónoma de Galicia.

Dentro deste departamento, a Dirección Xeral de Administración Local é o órgano encargado da execución das competencias que, con respecto ao persoal funcionario con habilitación de carácter estatal, lle correspondan á Xunta de Galicia.

2. Antecedentes

Segundo o Real Decreto 353/2011, do 11 de marzo, polo que se aproban os Estatutos Xerais da Organización Colexial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local, os colexios oficiais que integran a dita organización son corporacións de dereito público, con personalidade xurídica propia e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e que teñen entre as súas funcións cantas redunden en beneficio dos intereses profesionais dos colexiados.

O artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Lugo, no ámbito das súas respectivas competencias, consideran oportuno establecer un marco de colaboración que lles permita xuntar esforzos para facilitar a consecución dos seus intereses comúns.

3. Finalidade

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Lugo o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2017.

4. Obxecto do convenio

O obxecto do convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros de Administración Local de Lugo para o financiamento de gastos de funcionamento da organización colexial.





5. Fundamentos do convenio

Na aplicación 05.23.141A.481.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 consignase a cantidade de 15.000 € como gasto destinado á colaboración entre a Xunta de Galicia e os Colexios de Secretarios Interventores e Tesoureiros de Administración Local da Comunidade Autónoma.

Co fin de distribuír esta cantidade global, solicitóuselles aos presidentes dos catro colexios a presentación dunha proposta de gastos necesarios para o funcionamento da organización, co fin de poder instrumentar a concesión das subvencións mediante a subscrición de convenios individuais entre a Xunta de Galicia e cada un dos catro colexios territoriais de Galicia.

Os catro colexios responderon á proposta de colaboración da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e estanse a tramitar os respectivos convenios.

A distribución do crédito dispoñible realizouse en proporción ao número de colexiados de cada un das organizacións, acreditados mediante os certificados emitidos polos secretarios dos Cosital da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, co límite dos respectivos orzamentos de gastos e/ou da cantidade solicitada por cada colexio.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegará a cantidade máxima de MIL CENTO VINTE E TRES EUROS CON CINCUENTA E OITO CÉNTIMOS (1.123,58 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.2 (CP 2015 00098) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 17 de agosto de 2017

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

